


Xavier Alcalá

TALLER DE LECTURA

BIBLIOTECA DE SANTA CRUZ



«A Galicia morreu na segunda guerra irmandiña e desde entón o pobo galego non vive... vexeta.»

(cita sacada do cómic : Cinza. Manel Cráneo, Demo Editorial)

Ola, lector-a!:

Lemos xuntos-as **A nosa cinza**, do escritor Xavier Alcalá:

A nosa cinza conta a vida de Xoán, un rapaz criado durante a ditadura franquista, orfo de nai, fillo de médico e de familia galeguista. Durante dez cursos escolares na cidade, con vacacións na aldea (que se irá convertendo nun lugar de moda para o veraneo), vemos a Xoán medrar no duro contexto do seu tempo. Os anos de escola e instituto marcan a transición do neno inocente ao mozo que se terá que enfrontar aos designios da vida para cortar o cordón umbilical coa súa familia.

Unha obra univesal e atemporal chea de referencias polos temas que a vertebran: a morte, o sexo, a amizade, os excesos da relixión e a dureza dun réxime totalitario. A morte asalta ao protagonista desde cativo; o sexo xórdelle como premio inalcanzable; a amizade corre paralela a unha violencia que ensombrece a vida do neno e do adolescente; o fundamentalismo relixioso acosa, abafa os sentimentos; imponse a

Formación do Espírito Nacional Católico empeñado en agochar o galeguismo.

O autor

Xavier Alcalá (Miguelturna, Ciudad Real, 1947) naceu en terras manchegas, pero se criou en Ferrol. Enxeñeiro de Telecomunicacións e doutor en Informática, úneno á Arxentina fortes lazos tanto profesionais como persoais, pois está casado cunha porteña, circunstancias que axudan a explicar a destacada presenza da realidade e a historia deste país en moitas das súas narracións.

Contador de historias con mestría demostrada, para Alcalá a emigración, a saudade e a memoria da Terra afastada son algúns dos motivos recorrentes da súa obra, que en moitos sentidos pode cualificarse de americanista, mesmo de argentinista e aínda, en ocasións, de patagonista, como demostran títulos seus como Nos pagos de Huinca Loo (1982), Latitude austral (1991), Contos das Américas (1992), Hotel Damasco (1995) e Ao sur do mundo (1998) ou as crónicas de viaxes Arxentina (1990), Viaxes no país de Elal (1992) e Arxentina (1993).

A dedicación denodada de Alcalá en favor das letras de Galicia conduciuno tamén ata o xornalismo, a tradución (a el debemos versións galegas de Robert Louis Stevenson ou Arthur Conan Doyle), o ensaio (A galeguidade empresarial, 1995; C-e: de empresa a empresa, 2005), as monografías sobre patrimonio cultural (Guía da provincia da Coruña: Historia, Patrimonio, Gastronomía, 1996; Memoria de Ferrol, 2002) e inclusive a divulgación filolóxica (O galego hoxe, 1978).

Na súa [páxina Web](#) se autodefine como un autor de formación científico-técnica (enxeñeiro de Telecomunicación e doutor en Informática) con reflexo na súa carreira literaria:

“A miña profesión sempre foi fonte de vivencias e motivo para descubrir personaxes.”

Iniciouse como letrista dentro do movemento da Nova Canción Galega a finais da década de 1960. En 1971 empezou a escribir crónicas para El Ideal Gallego. Desde ese momento interesouse polas vidas dos emigrantes. En 1972 a Editorial Galaxia editou o seu primeiro libro de narracións co suxestivo título de Voltar (Volver).

Desde entón continuou publicando simultaneamente artigos e libros. Estes pódense agrupar nos xéneros de ficción, reportaxes e crónicas de viaxe. Dentro da ficción —sempre próxima á realidade—, é autor de narracións breves e de longo percorrido, mesmo dunha triloxía (Evanxélica memoria)

Con máis de trinta títulos rexistrados no ISBN, nas súas narracións, son lugares comúns a aventura, a intriga e a descrición de paisaxes exóticas. As Américas, de Estados Unidos ao Cono Sur, tiveron para el un atractivo que as fai presentes na maioría dos seus textos. Na actualidade, escribe de novo sobre galegos na Cuba castrista e prepara traducións das súas novelas ao castelán.

OBRA:

Novela

- *A Ínsua*, Alvarellos Editora, 1978.
- *A Nosa Cinza*, Follas Novas (editorial), 1980. Reeditada por Editorial Nós. Editada desde Amazon en castelán como *El calor de la ceniza* en 2020.
- *Fábula*, Editorial Galaxia, 1984, 1986, 1993 y 2015, e por La Voz de Galicia en 2003. Editada en castelán por Rinoceronte, 2011.
- *Nos Pagos de Huinca Loo*, Editorial Nós, 1982. Reeditada por Editorial Galaxia en 1992. En castelán por Galaxa-Mar Maior Argentina en 2015.
- *Tertúlia*, Ed. Sotelo Blanco, 1985.
- *Fumes de Papel*, Editorial Vía Láctea, 1988. Reeditada por Vía Láctea en 1989 e por Editorial Galaxia en 1992.
- *Cárcere Verde*, Editorial Galaxia, 1990. Editada en castelán co título de "Contra el Viento" por Editorial SM en 1990, 1993 y 1994.
- *Latitude Austral*, Editorial Galaxia, 1991. Reeditada por Editorial Galaxia en 1992.
- *Código Morse*, Edicións Xerais, 1996
- *La Habana Flash*, Editorial Galaxia, 1998. Editada en castelán como "Habana Flash" por Nowtilus, 2009.
- *Alén da desventura*, Editorial Galaxia, 1998. Reeditada por Editorial Galaxia en 1999.
- *Trilogía Evanxélica memoria*, Editorial Galaxia.

- Primeira parte: *Entre fronteiras*.
- Segunda parte: *Nas catacumbas*.
- Terceira parte: *Unha falsa luz*.
- *Verde oliva*, Ed Galaxia versión galega, 2012.
- *The Making of*, Editorial Galaxia, 2018, reeditada en 2019.

Narracións curtas

- *Voltar*, Editorial Galaxia, 1972;
- *A Fundición*, Ed. do Castro, 1978.
- *O Larvisión*, Ed. do Castro, 1981.
- *O Larvisión e outros relatos*, Ed. Xerais, 1984.
- *Los Angeles Flash*, Ed. Xerais, 1989.
- *O cabalo da cor vermella*, en *Antoloxía do conto galego*, Editorial Galaxia, 1989.
- *Far South*, Ed. Ir Indo, 1991.
- *Contos das Américas*, Ed. Xerais, 1992.
- *Contos do Impaís*, Ed. Xerais, 1992.
- *Sucinto informe*, Ed. Consellería de Cultura, 1992.
- *Relación de feitos de sangue*, Ed. ACK, 1994.
- *Hotel Damasco*, Ed. Nigra, 1995
- *O petiso Montotto*, en *Berra liberdade*, Ed. Galaxia, 1996
- *Bonchul*, en *Boletín Galego de Literatura*, Universidade de Santiago, 1997
- *Palabras de cacique*, Ed. Xerais, 2002
- *O tafetán*, Ed. Embora, 2003
- *Piñón de Ferrol*, Ed. Xerais, 2003
- *Fóra de obxectivo*, Ed. A nosa Terra, 2003
- *A guerra de Creta*, Ed. Consello da Cultura Galega, 2003
- *Evaristo do cine*, Ed. Galaxia, 2006 y 2007
- *Irene e a poli*, Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, 2007

Narracións de viaxes

- *El vasco Santamarina*, en *la Revista da Comisión Galega do V Centenario*, 1989.
- *Arxentina*. Ed. Xerais, 1990.
- *Baixo o Cruceiro do Sul*, en *DORNA 16*, Ed. Universidade de Santiago, 1990.
- *Viaxes no país de Elal*. Ed. Galaxia, 1992.
- *Informe do Paraguai*, en *DORNA 19*, Ed. Universidade de Santiago, 1992.
- *Argentina*. Ed. Anaya Touring, 1993.
- *Viaxando: o tren ás nubes*, en *Contos da ruta*, Ed. Caixa Galicia, 1996.
- *Antonio Soto Canalejo*, en *A Galicia exterior*, Ed. Xunta de Galicia, 1997.

Traducións

- *A Illa do Tesouro*, tradución completa e anotada de *Treasure Island* de R. L. Stevenson, Ed. Xerais, 1984.
- *Un Estudio en Escarlata*, tradución completa e anotada da novela de Conan Doyle, versión, Ed. Xerais, 1986.

PREMIOS

- Premio Manuel Murguía por *Relación de feitos de sangue*
- Premio de la Crítica Española por *Fábula*
- Premio Cidade da Coruña por *Fábula*
- Premio Blanco Amor por *Alén*
- Premio Pedrón de Ouro por *A fundición*
- Premio Francisco Lanza por *O Larvisión*
- Premio Vilalba por *Hotel Damasco*

**A vida é unha fonte
inesgotable de historias
dignas de ser contadas**

Xavier Alcalá

Se pinchades na imaxe, poderedes ver e escoitar unha entrevista da TVG a Xavier Alcalá.

(grazas á colaboración de Carmen Vilariño)

